

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de 9 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

2.- Contratación conxunta da redacción de proxecto, dirección facultativa e execución das obras de construción e urbanización do Parque de Coto de Canedo (expediente nº 2022040924).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes, acordou:

Primeiro.- Adxudicar a Petrolam Infraestructuras SL, titular do NIF B32304115, o contrato de redacción do proxecto, a execución das obras e a dirección facultativa para a construción e urbanización do denominado “Parque Coto de Canedo”, que inclúe espazos libres, parque público, aparcamento público soterrado, e piscina, situado no SU-32, zona 2 do P.X.O.U. de 1986, interior da mazá formada polas rúas San Rosendo, San Froilán, avda. das Caldas, avda. Basilio Álvarez, Victoria Kent e Jesús Pousa Rodríguez financiado parcialmente con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU, ao abeiro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano (aprobado pola Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto), código de actuación P09_L2_20220929-1 (Expte. nº 2022040924), de acordo co prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e as ofertas presentadas, por resultar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, por un prezo de 6.461.059,12 €, en concepto de principal, e 1.356.822,42 €, en concepto de IVE, para un total de 7.817.881,54 €, o que representa unha baixa do 1,79% con respecto ao orzamento de licitación.

Detalle do prezo:

- Redacción do proxecto: 287.060,97 € máis 60.282,80 € de IVE, dando un total de 347.343,77 €.
- Execución da obra: 5.869.206,38 € máis 1.232.533,34 € de IVE, dando un total de 7.101.739,72 €.
- Dirección facultativa: 304.791,77 € máis 64.006,28 € de IVE, dando un total de 368.798,05 €

Melloras:

- Ofrece a elaboración, desenvolvemento e entrega tanto do proxecto básico, como de execución e documentación de seguimento e finalización das obras en formato BIM, de acordo coa norma ISO 19650.
- Se compromete a reducir nun mes o prazo de execución da FASE 1 (redacción do proxecto básico).
- Se compromete a reducir nun mes o prazo de execución da FASE 2 (redacción do proxecto de execución).
- Se compromete a reducir o prazo de execución da Fase III (execución das obras) no prazo de 5 meses.
- Se compromete a aumentar o prazo obrigatorio de garantía da obra nun prazo de 24 meses a maiores do establecido dun ano.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe de sete millóns oitocentos dezasete mil oitocentos oitenta e un euros e cincuenta e catro céntimos de euro (7.817.881,54 €) a favor da empresa adxudicataria Petrolam Infraestructuras SL, titular do NIF B32304115 con cargo á aplicación orzamentaria e o detalle que a continuación se relaciona:





Concello de **OURENSE**

Anualidade	Total	Aplicación orzamentaria	Nº operación RC	Proxecto gasto
2024	2.431.108,02 €	160.1710.60902	202400012545	23-2-16-01
2024	2.398.558,41 €	160.1710.60902	202400011076	
2025	2.988.215,69 €	160.1710.60902		

De conformidade co establecido no artigo 174 do Real Decreto Lei 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das facendas locais, a autorización do gasto para o exercicio 2025 se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente no referido exercicio.

Terceiro.- Dar traslado á Tesourería municipal dos acordos precedentes aos efectos contables oportunos.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Tamara Silva Cid

